

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº50/ Ano: 2022 / 2º xornal Mes de maio / Estado Primavera

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



ARQUEOLOXÍA EN ONS (I)

Dous anos de importantes escavacións que deron grandes resultados. Páx. 1



ONS ETNOGRÁFICA

Vemos como o patrimonio material e inmaterial etnográfico e antropolóxico, pérdese a pasos axigantados. Evitémolo. Páx. 1

ARQUEOLOXÍA EN ONS (II – III)

Parques e a Uvigo presentan os resultados das escavacións realizadas durante estes dous anos na Illa de Ons. Sae á luz un importante xacemento romano.

Esperemos que sigan en anos sucesivos.

Páx. 2



Axudas para obras de rehabilitación enerxética en edificios e vivendas.

Que os veciños non as deixen escapar. Páx. 3

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Está referido ao meu artigo na revista Aunios sobre “ O destacamento de Cova do Lobo en Ons”. O lector envía un mapa cun dato que indica a posible posición onde estaba radicado ese destacamento. Páx. 5



CAMPO DE VOLUNTARIADO

Un ano máis a Illa de Ons discriminada por Xuventude.

Páx. 6



MELIDE en Lonely Planet.

Páx. 7

DEPURADORAS

Graves problemas en agosto de 2021. Prometeron arranxalos, pero ata o vindeiro setembro teremos que esperar. Esperaremos lo.

Páx. 4



BREVES

-Anos de reivindicacións. Vense resultados. Páx. 3

-Ons na Memoria: Primeiras comuñóns ano 1970. Páx. 3

-Salgadoiros de Suxestións I – II. Arqueoloxía e Os trasnos da lingua. Páx. 4

-Iniciativas Parque Nacional Páx. 4

-Aos representantes municipais de Bueu. Páx. 5



ARQUEOLOXÍA EN ONS (I)

UN POUCO DE HISTORIA

Cando cheguei a Ons alá polo ano 1974/75 e comecei a interesarme pola historia e etnografía desta sedutora illa, comprobei, un pouco asombrado, que practicamente nada se escribira e menos investigado sobre a súa arqueoloxía agás escasos datos de Luís Monteagudo, Filgueira Valverde & García Alén e, no traballo de Álvaro de las Casas que saía nomeado o Castelo da Rueda, o Castro dos Mouros e o sepulcro antropomorfo Laxe do Crego.

Máis tarde soubemos que Alonso Romero descubrira na praia de Canexol un Mosaico Romano que despois foi nomeado por Acuña Castroviejo & Alles León. Foi logo cando, nun principio eu a nivel particular, e a partir de 1998 Pineiróns, comezamos a reivindicar estudos e investigacións arqueolóxicas en Ons.

Nin caso fixeron e ata as administracións poñían moitas pegas. Chegamos a realizar un traballo, bastante amplo e asesorado por especialistas, para que se levara a cabo un Campo de Traballo Arqueolóxico, moi boas palabras na Consellería e Delegación correspondente de Xuventude, pero nada foi adiante.

No 2002 sae publicado o traballo de Acuña Castroviejo e Alles León onde nomean o mosaico romano da praia de Canexol e quizais con ese dato na man, foi o que levou á arqueóloga Paula Ballesteros e ao seu equipo a pescudar sobre el e presentar a Parques no 2008 a realización dun Proxecto de Catalogación da Arqueoloxía auniense, que si lle concederon.

Case paralelamente a este Estudo de Ballesteros, Alonso Romero dá a coñecer a existencia duns petróglifos no lugar de Chan da Pólvora e posteriormente fanse uns pequenos estudos no Castro dos Mouros, pero sen chegar a escavar.

Parecía que, arqueolóxicamente falando, ían dándose pequenos pasos, pero a administración segue máis preocupada pola parte biolóxica e pouca atención presta á histórica-arqueolóxica-etnográfica, da que nos cansabamos de dicir que tiña unha importancia, como mínimo, paralela á medioambiental.

Tivo que ser no 2021 cando un equipo da Universidade de Vigo capitaneado polo arqueólogo Adolfo Fernández, que estaba a realizar un estudo sobre os asentamentos romanos en Galicia, solicita permiso e infraestrutura a Parques para realizar unhas catas no xacemento romano de Canexol que, ao dar uns resultados importantísimos é cando, dende a administración, danse conta do erro cometido durante tantos anos non apoiando estas investigacións, que deciden poñerse a traballar sobre o tema dando todas as facilidades a este equipo para que traballe, non só en Ons, senón, nun futuro próximo, nas demais illas do Parque.

Os nosos **PARABÉNS** aos responsables do Parque por esta decisión tomada, aínda que tarde, pero que esperamos teña unha continuación en anos sucesivos.



-Alonso Romero inspeccionando o mosaico romano de Canexol.
-Petróglifos de Chan da Pólvora
-Machado de Talón atopado en Ons.



ONS ETNOGRÁFICA

A etnografía é a materia pendente da Consellería e Parques. Máis pronto que tarde, moi poucos aunienses poderán contarnos historias, contos, lendas,..., como era a vida en Ons hai 80 anos, o por que a tal veciño se lle puxo o alcume de..., coñecerán os topónimos máis elementais a onde van pescar asiduamente, pero os demais desapareceran,..., como eran as dornas en Ons, como se pescaba nelas, que tipo de artes usaban,..., e un longo etcétera que poderíamos seguir enumerando. As persoas maiores vanse indo sen que tiveramos a sorte de aproveitar toda a súa sabedoría e Ons morrerá etnográficamente porque os organismos que a administran só lle preocupaban as plantas e os paxariños. Por favor, máis axudas á etnografía.



ARQUEOLOXÍA EN ONS (II)

(11/05/2022)

A pasada semana o Parque Nacional sacaba esta nota de prensa despois dos magníficos resultados que están saíndo á luz por mor das escavacións que se están levando a cabo na factoría de salga de Canexol e no Castro dos Mouros tamén no mesmo barrio. Ogallá sigan adiante estas prospeccións e cheguemos a coñecer máis polo miúdo o pasado desta engaiolante Illa de Ons

O PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLANTICAS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PRESENTAN OS RESULTADOS DOS PROXECTOS ARQUEOLOXICOS LEVADOS A CABO CONXUNTAMENTE NA ILLA DE ONS DURANTE O ANO 2021

UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN ARQUEOLÓXICA DESENTERRA O PASADO DA ILLA DE ONS

Durante o ano 2021 o grupo de arqueoloxía do GEAAT (UVigo) levou a cabo en colaboración co Parque Nacional Illas Atlánticas dúas intervencións arqueolóxicas na illa de Ons co obxectivo de coñecer mellor o pasado e a historia da illa, difundir ese coñecemento e poñelo en valor como un novo reclamo patrimonial do Parque.

Unha das intervencións localizouse na praia de Canexol onde se coñecía a existencia de restos de época romana identificados como unha factoría de salgadura de peixe. Nesta zona realizáronse dúas sondaxes, unha completa prospección geofísica ao longo de todo o camiño que discorre pola praia, e unha limpeza e rexistro de todos os restos arqueolóxicos visibles no cantil. Os resultados foron excepcionais.

A limpeza do cantil xa indicaba a existencia de máis dunha fábrica de salgadura, hipótese que quedou verificada cos resultados obtidos coa prospección xeofísica, realizada pola empresa “SOT prospección”, que detectou a presenza de dúas fábricas e outras estruturas asociadas ao complexo industrial romano, como unha rampla de acceso desde a praia para subir o peixe cara ás fábricas. As sondaxes e a limpeza permitiron recuperar unha gran cantidade de materiais orgánicos como ósos, restos de peixe e moluscos.

Unha das grandes novidades foi a identificación dun vertedoiro de cunchas de múrices (*Stramonita haemastoma*), un molusco utilizado para fabricar tinguidura de cor púrpura en época romana o que indica que, en Ons, os romanos ademais de preparar peixe salgado e salsas tamén fabricaban púrpura. Este achado é de gran importancia xa que se trata do primeiro taller deste produto documentado no norte da Península Ibérica. As fábricas construíronse posteriormente, xa durante o s. I d. C, perdurando en funcionamento, ata polo menos o s. IV d. C.

Grazas á arqueoloxía sabemos que en Canexol funcionaron dúas ou mesmo tres grandes fábricas de peixe en salgadura e de púrpura durante varios séculos Onde vivían os traballadores desta puxante industria de conservas de peixe? Esta pregunta só podía ser contestada cunha segunda intervención arqueolóxica, esta vez no Castro do Castelo dos Mouros, situado a poucos metros sobre o propio Canexol. Este lugar non fora intervindo anteriormente, aínda que a súa fisionomía apuntaba a un poboado prerromano á vista das súas imponentes defensas con ata tres parapetos e senllos fosos defensivos no seu lado oeste.

A intervención levada a cabo a finais do pasado ano trouxo consigo importantes novidades sobre a ocupación humana da illa. A prospección geofísica deixou entrever a presenza de importantes estruturas enterradas no recinto do castro. A escavación centrouse na ladeira este do recinto principal, un lugar desde onde se divisa perfectamente os restos de Canexol e contrólase a ría de Pontevedra e a navegación de cabotaxe desde a ría de Vigo.

Na escavación descubriuse por completo unha gran habitación dunha casa, de planta cadrada que perdurou en uso ata finais do s. IV d. C. Unha data precisa grazas ao descubrimento dun conxunto de 31 moedas de bronce desa época no interior da vivenda. Os materiais arqueolóxicos lévannos a pensar que o castro estivo habitado desde finais do s. I a. C ata finais do s. IV d. C, polo que todo apunta a que coincide no tempo coas estruturas industriais do Canexol.

Os arqueólogos da UVigo en colaboración co Parque dispóñense a comezar antes do verán unha nova escavación no castro para aumentar a área exhumada con novas estruturas que nos permitan coñecer mellor a súa historia. Ademais da escavación, o proxecto inclúe o deseño e a creación dun roteiro sinalizado e con información sobre os novos restos descubertos.

Grazas á arqueoloxía, o pasado antigo de Ons sae do seu ostracismo e aspira a converterse nun reclamo máis da illa. Agora sabemos con total seguridade que a illa estaba habitada desde finais do s. I a. C. e que nela floreceu unha importante industria de salgadura de peixe e de elaboración de púrpura aproveitando as excepcionais características da súa contorna. Coñecemos tamén que estes poboadores vivían no castro e mantiñan relacións económico-comerciais con outros territorios afastados. A finais do s. IV abandónanse as fábricas e o castro como sucede noutros puntos da costa galega, por razóns que aínda hoxe descoñecemos. O que demostra que aínda nos queda moito por descubrir do pasado das illas atlánticas, das xentes que as poboaron e as súas formas de vida.

ARQUEOLOXÍA EN ONS (III)

Enlaces de interese:

https://www.elespanol.com/el-cultural/historia/arqueologia/20220512/hallan-ons-complejo-industrial-fabricar-purpura-salazones/671932870_0.html

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/2022/05/12/hallan-complejo-industrial-poblado-romano-muros-ons/0003_20220512C1991.htm

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2022/05/12/ons-imperio-industrial-purpura-65989604.html>

https://historia.nationalgeographic.com.es/a/descubierta-fabrica-salazones-romana-galicia_17992



Fotos: Parque Nacional Illas Atlánticas e Adrián Ferrer



ANOS DE REIVINDICACIÓN. VENSE RESULTADOS

Despois de moitos anos reivindicándoo, dende o pasado ano estanse levando a cabo traballos arqueolóxicos que están dando resultados máis que satisfactorios.

Tamén, dende 1993, demandamos que a Ruta Xacobeana Marítima non só estivera radicada na ría de Arousa – Ulla, senón que, a nivel galego, comezara en A Garda e que fora de obrigada visita selar nas illas atlánticas. Parece que este ano, segundo deste Xacobeo, polo menos, xa hai varias singraduras programadas dende o Mediterráneo e seguindo a costa portuguesa, entrar en Galicia seguindo a derrota dos discípulos do Apóstolo Santiago.

https://rutamaritimadocabaleiro.com/?fbclid=IwAR1aAeNtj_QabJv6LiG4MnOet5AFiF55dot_xAUK_NZ1Waa67Jk2WHTbbAA

Estamos á espera do verán e comprobar como se desenvolven as actividades e a posible remodelación do Centro de Visitantes de Ons. Polo menos, dende hai dous anos, vese unha maior actividade e programación. Outra das nosas reivindicacións.

Comprobamos na Semana Santa que no piñeiral, o que queda del, de Chan da Pólvora fixeron unha tímida reforestación. Levamos reivindicando que estas plantacións se fagan en todos os lugares de Ons onde cortaron árbores non autóctonos. Seguiremos reivindicándoo e faremos un seguimento desa nova reforestación de Chan que necesitará uns coidados.

Non foi un inverno duro, o que provocou que os camiños estean nun estado bastante aceptable. Levamos solicitando que se busquen solucións axeitadas, tendo en conta a meteoroloxía e o uso por maquinaria pesada e todoterreos, para que non sexa, case que obrigado, o ter que estar a reparalos anualmente, co custo que iso trae e que podería utilizarse noutras facetas.

Importante que no Campamento da Xunta se fagan tamén reforestacións no lugar onde se montan as tendas co fin de dar sombra a estas e que os rapaces que as ocupan non teñan que soportar altas temperaturas polas horas de sol que reciben.

Etc.....

Fotos: De arriba-abaixo: Castro dos Mouros. Ruta Marítima. Campamento.



ONS NA MEMORIA

Estamos no mes de maio, mes das primeiras comuñóns. Aquí vemos no ano 1970 na Illa a tres aunienses, dous deles de comuñón.

De esquerda a dereita: O <Marqués>, Manolo <Carabicho> e Carlos <Carrillo>.

-Axudas para obras de rehabilitación enerxética en edificios e vivendas (15/05/2022)

-Así mesmo, a conselleira tamén lembrou que ata o 30 de setembro os propietarios de vivendas e edificios nalgunha das tres áreas de rehabilitación integral supramunicipais —a ARI dos Camiños de Santiago, a da Ribeira Sacra, e a das Illas Atlánticas— poden optar a un máximo de 25.000 euros para restaurar e remudar os seus inmobles.

-Anuncia tamén outra liña novidosa destinada a sufragar os gastos de redacción dos proxectos e da documentación técnica requirida para poder executar estas obras.



Importantes anuncios que presenta a Consellería de Medio Ambiente e que, supoño, os veciños de Ons poden acollerse a eles.

Dende Parques sinalaron que a Asociación Veciñal de Ons está informada. Agora só falta que se poñan a traballar e busquen asesoramento.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS (I) (12/05/2022)

Con respecto ao Onstopus nº 49 onde falaba do xacemento romano de Sálvora. Un lector envía esta mensaxe: “Querido amigo: Muchas gracias por el envío de Onstopus. Es muy interesante la noticia sobre el descubrimiento de restos romanos en Sálvora. Seguramente los trabajadores romanos de esa factoría de salazón estarían relacionados con los de Ons. Pero la historia de ambas islas viene de muy atrás. Me parece que ya te conté que hace muchos años estuve en Sálvora, invitado por su entonces dueño de la isla. Durante uno de los paseos que dimos encontramos también cerámica de la Edad del Bronce. Seguramente, ahora que están excavando en esa isla, se encuentren también con restos anteriores. Un abrazo,



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS (II) (17/05/2022)

Enviáronme esta nota, que non ten que ver con ningunha nova específica de Onstopus, pero si polo labor que está a levar este minixornal e Pineiróns nas súas reivindicacións por Ons en xeral, pola lingua e pola idea dun *Día polas Letras de Ons*.

Comentaba o autor da iniciativa que imos presentar, **OS TRASNOS DA LINGUA**, que o importante, como tanto reivindicamos, é que haxa alguén que poña enxeño, aptitude e capacidade de traballo para levar as ideas adiante (*dinamizador cultural*), despois todo o demais, se non hai alguén por riba que estea a destruír o seu dinamismo, irá para adiante con máis ou menos sedución e proveito por quen participa, pero sempre coa confianza, o empeño,..., e a finalidade do traballo ben feito a prol da comunidade.

Pois ben, o día das Letras Galegas, a un bo dinamizador pola cultura da súa parroquia (Noalla), déuselle por poñerse de “parto”, nun lugar concreto da zona, e parir un bo número de palabras galegas, que sen dúbida, aínda que o mal tempo fixo que non tivera toda a notoriedade que a idea merecía, tivo un interesante éxito e provocou máis dun debate sobre estas importantísimas iniciativas.

Os meus PARABÉNS para esta e todas as persoas que son quen de loitar polas súas ideas sen esperar nada a cambio.

INICIATIVAS PARQUE NACIONAL (17/05/2022)

Os meus PARABÉNS para os responsables do Parque Nacional por esta nova iniciativa para o Día Europeo dos Parques 2022.

Sería importante que dende o Parque e antes do verán, informen por medio das redes sociais e da prensa da programación de Actividades que se van realizar durante os meses de xuño a setembro nos respectivos Centros de Visitantes, para que veciños e foráneos poidan ir organizando as súas visitas e estancias nas diferentes illas.



DEPURADORA. (18/05/2022)

Vén de saír na prensa que a depuradora de Ons, que tivo importantes problemas no mes de agosto do ano pasado, e que a D. Xeral de Patrimonio Natural prometera unha rápida solución, vai ter arranxos puntuais para saír do paso durante o verán e que, no mes de setembro, arranxarase. Será dun xeito definitivo?

Ben, sabemos que as cousas de “Palacio van despacio”, aínda que, cando se trata da Consellería de M. Ambiente, van “demasiado despacio”, por iso imos darlle ese ano que necesitaron para ver se, dunha vez por todas, as depuradoras de Ons funcionan como é debido.

<https://adega.gal/info/090121joomla/novas-adega-vigo/561-adega-pide-optimizar-a-depuradora-de-ons-denantes-de-construir-unha-nova>

<https://www.farodevigo.es/morrazo/2022/05/18/xunta-intensificara-control-depuradora-ons-66212968.html>

24 MAIO 2022

XUNTA DE GALICIA

somos **NATUREZA**

REFLEXIONAR · RESTAURAR · RECONECTAR

Día Europeo dos Parques 2022

Víveo nas Illas Atlánticas!

Actividades en familia nas illas e no Centro de Visitantes do Parque Nacional (21-25 de maio de 2022)

Reflexiona

- O tesouro escondido da praia
- Debuxa as illas do futuro

Restaura

- 3 xestos polas illas
- Unha imaxe vale máis que mil palabras


Reconecta

- Rutas guiadas en Cíes e Ons: As illas cos 5 sentidos
- Descubre a nosa natureza: Xoga coa Rede de Parques Nacionais

Participación libre e gratuíta ata completar aforo. Máis información en: centrodevisitantes@xunta.gal ou tlf: 886218082 (de martes a sábado 10h a 14h e de 17h a 20:30h)



Cadradiño vermello que indica, ao igual que os demais que saen no mapa, a existencia dunha construción.



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS (17/05/2022)
Ten que ver co meu artigo inserido na revista AUNIOS nº 27. 2022. Co título: “Batería de costa na Cova do Lobo”

Como explicaba no artigo, a principios dos anos 40 s.XX dende o Ministerio do Exército deciden a montaxe de dúas novas baterías de defensa, situadas unha fronte á outra, en Punta Faxilda en Noalla e Cova do Lobo en Ons.

Como explicaba, todo foi levado co máximo sixilo e as conversas cos aunienses, segundo din, eran mínimas. Pouco sabemos dos motivos do envío deste destacamento, sobre a montaxe desta construción de vixilancia e do seu funcionamento.

Quizais algún día permitan investigar nos arquivos militares e saquemos algo en limpo.

Desa construción, nada quedou, pode que a desmontaran ao marchar ou, ao igual que outras que houbo na Illa, os materiais foron empregados para novas edificacións.

Supoño que ao irse, todo foi deteriorándose ou colléronse clandestinamente elementos para empregar noutras obras, o que si é certo é que a maleza todo o tapou. Eu só recordo que despois dun gran incendio, nesa zona do alto de Cova do Lobo, mirara unha superficie no chan, case rectangular, de baldosa.

Hoxe en día, coa maleza existente, non podemos achegarnos de aí que este mapa que me enviou **Santy Corral** (colaborador micolóxico na revista Aunios e apaixonado da illa de Ons dende a primeira vez que a pisou) é importantísimo, pois pensa, e coido que ten moita razón, que o cadradiño vermello, que en todo o mapa reflicten as posicións das vivendas, tamén aí o sinalaron como unha máis, e como alí non houbo casa veciñal algunha, ten que ser o edificio dedicado a vixilancia.

De aquí un dato máis para alentar aos investigadores.



AOS REPRESENTATES MUNICIPAIS DE BUEU

Con todos os meus respectos, voume a dirixir a todos os partidos que están representando aos cidadáns de Bueu, incluídos os da Illa de Ons, para volver a pedirilles un pouco máis de ganas no que se refire ás problemáticas desta illa bueuesa e a buscar solucións a elas.

Quero facelo agora porque estamos a case un ano das próximas eleccións municipais e, de seguro, pronto comezaran a falar cos veciños e os seus representantes para que lles informen sobre as súas reivindicacións para logo espetalas nun folleto e quizais nalgún mitin.

Neste humilde minixornal, ao longo de dous anos, levamos explicando moitas desas reivindicacións, pero ningún partido se molla para, polo menos, preguntar e intentar facer algo ao respecto, aínda que despois non fagan absolutamente nada coa desculpa de: “non temos competencias”.

Veñen de saír publicadas as axudas para a rehabilitación enerxética nas vivendas, o que para a Ons, de conseguilo, sería un puntazo.

No seu día o hoxe flamante Presidente da Xunta, Sr. Rueda, lideraba o Proxecto TUTATIS que, segundo parece, ía a converter Cíes e Ons en illas autosuficientes en materia enerxética. Non sei que foi dese Proxecto, o que si, agora saíron publicadas estas axudas indicadas pero, polo que intúo, o Sr. Rueda, estará pensando que os de Cíes e Ons se busquen a vida, e que as soliciten.

Ben, pois aquí podería estar o labor do concello, de calquera dos seus grupos políticos, máis o do PP por iso de que a nova vén dende a Xunta, convocando aos veciños de Ons, informándolles exhaustivamente desas axudas e da súa conveniencia se procede, e poñendo á súa disposición persoal propio ou do concello para axudarlles a cumprimentar e presentar a solicitude. Supoño que para iso si terán competencias, non?

Tampouco estaría de máis, organizar unhas pequenas charlas (podería ser na propia Illa no Centro de Visitantes) para os veciños sobre o uso responsable da luz e da auga, do reciclado sobre todo de aceites, dos deterxentes máis ecolóxicos para as lavadoras que usan na illa, da compostaxe, dos ARI e doutras axudas que saen ao longo do ano,..., e para coñecer máis de preto as súas inxerencias e reivindicacións, pois parece que Ons só pertence á Consellería de Medio Ambiente, o concello nin está pero si que se lle espera, o que pasa é que non vén.



Foto de Atlántico Diario. Fernández Tapias cos voluntarios de Cíes en 2021

A DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE DEIXA OUTRO ANO MÁIS A ONS SEN CAMPO DE VOLUNTARIADO

Pineiróns véno reivindicando dende hai anos e, nestes dous últimos, dende Onstopus. Ons, dende o comezo dos campamentos e campos de traballo da Xunta, sempre contou cun Campo de Traballo, agora chamado de Voluntariado, pero, fai xa uns anos foi discriminada pola D. Xeral de Xuventude que a deixou sen ese imprescindible aporte de voluntarios na época estival para realizar tarefas que axuden á conservación da Illa e, sen embargo, nunca llos quitou a Cíes, máis ben pola contra, potenciounos nunha clara discriminación cara á Illa de Ons.

Penso que o tema debería ser reclamado pola Consellería de Medio Ambiente, por Parques e polo concello de Bueu que, ao non facer nada ao respecto, temos que consideralos como cómplices desa discriminación que fan dende a Consellería de Política Social e Xuventude cara a Ons.

Ons, por ser unha illa habitada, ten máis necesidades de axuda que Cíes que, como xa teño dito, foi a nena mimada da Xunta e que recibiu unha boa cantidade de axudas desde que foi declarada no 1982 Parque Natural.

Agora atopámonos cunha importante cuestión. Cíes pertence ao concello de Vigo que está gobernado por un alcalde que pretende que Cíes sexa, en exclusiva, Patrimonio da Humanidade e está a levar unha importante actividade para conseguilo.

Por outra banda está a Xunta, que non quere que o consiga Vigo unilateralmente, non porque lle importe o galardón, senón pola popularidade que conseguiría o Alcalde de Vigo si a obtén, é por iso que dedican un gran esforzo, en todos os aspectos, para que, por calquera metedura de pata, como lles pasou na Ribeira Sacra, non podan sacar adiante a Candidatura que presentan con todas as illas do Parque Nacional.

Dende estas liñas quero reivindicar que os Campos de Voluntariado sigan en Cíes, pero sen discriminar ás demais illas do Parque, polo que Política Social debería organizalos tamén en Ons, Sálvora e Cortegada.

<https://www.islas-cies.org/actividades-islas-cies/campo-trabajo-cies-work-camp/>

https://www.comunidad.madrid/sites/default/files/doc/juventud/cv_22_galicia_illas_cies.pdf

TRABALLOS DE VOLUNTARIADO NA ILLA DE ONS (14-15/05/2022)

Esta noticia non ten que ver coa da páxina anterior, quero dicir, que estes voluntarios son ocasionais e veñen financiados polo Parque ou por algún tipo de proxecto, como neste caso, <VAI> Voluntariado Ambiental Interxeracional. Non son fixos como os de verán nas Cíes.


Neste caso pasáronme unha nova aparecida en Facebook de Parques Nacionais onde informan dos traballos realizados por voluntarios que participaron durante unha fin de semana en Ons recollendo lixo na praia de pedras de Liñeiros o sábado e na erradicación da acacia negra o domingo en varios puntos da Illa.

Parece que estivo organizado por unha empresa turística, Corticata, que promove rutas e visitas guiadas ás illas de Sálvora e Cortegada, ofrecendo un turismo diferente e respectuoso co medio, segundo reza na súa oferta turística.

Interesantes estas esporádicas iniciativas que, como veño solicitando, á vez de erradicar plantas e árbores prexudiciais, tamén poderíanse ofertar actividades de voluntariado, co persoal técnico adecuado, dedicadas á reforestación.

De todos os xeitos, **PARABÉNS**, pola iniciativa.

Fotos: Praia e rochas de Liñeiros.



Lectura a bordo, no "último barco". Micro aberto: homenaxe a Domingo Villar

Sábado 28/05/22,
barco de línea regular:
21:30 Vigo-Moaña
22:00 Moaña-Vigo



Interesante iniciativa da empresa navieira Nabia en homenaxe a Domingo Villar. (Facebook 23/05/2022)

Piratas De Nabia

“Ás once en punto, o Pirata de Ons soltou amarras en Moaña e avanzou ao ralentí entre as bateas. Leo Caldas ía na cuberta superior, detrás da ponte de mando, mentres que o resto da pasaxe facía o traxecto na cabina, a resguardo do frío”.

Así comienza un capítulo de “O Último Barco”, la última novela de Domingo Villar, publicada por [#EditorialGalaxia](#) Falamos de Libros en 2019. El barco de la línea regular Moaña-Vigo-Moaña es prácticamente un personaje más de la trama de esta novela policíaca ambientada en la Ría de Vigo.

Por eso tendremos un [#MicroAbierto](#) en [#homenaje](#) a Domingo Villar este sábado en la línea regular Moaña-Vigo-Moaña. Para que toda persona que lo desee pueda acercarse a leer un fragmento de una obra de Domingo, en “El Último Barco”.

¡Os esperamos a las 21:30 en Vigo y a las 22:00 en Moaña!

LONELY PLANET

Non só ía a ser sempre Cíes. Lonely Planet é unha das maiores editoras de Guías de Viaxes do mundo.

Cita oito praias como as máis interesantes de Galicia, como son: Rodas, Liméns, Melide (Ons), A Lanzada, Carnota, Doniños, A Frouxeira e As Catedrais.

Delas di que: “...todas caracterízanse por ser auténticas, naturais, de area branca e auga limpa”.

Melide, na Illa de Ons, só ten que envexar a Rodas a súa lonxitude, polo demais, é a mellor praia das rías Baixas.

Faro de Vigo, 24 de maio de 2022

Las ocho playas con las que Lonely Planet vende Galicia

La célebre guía repasa los arenales imprescindibles de la comunidad

Melide



Aunque también ha crecido en los últimos años la afluencia de viajeros a Ons, sigue siendo una gran desconocida comparada con las [Cíes](#). La Lonely Planet se queda con la playa de Melide, una "medialuna de arena blanca y agua turquesa".

